

Resolución reitoral pola que se declara a renuncia a unha bolsa para a formación en Unidades e Áreas da Universidade de Vigo.

Visto o punto 9 da Resolución reitoral de 2 de xullo do 2025 da convocatoria de bolsas formación en Unidades e Áreas no que se establece a obrigatoriedade de enviar o informe do número da Seguridade Social no prazo de tres días e establece que a non presentación da documentación necesaria entenderase como renuncia á bolsa previa resolución

Esta Reitoría resolve:

Declarar a renuncia de **Lia Leite Cordeiro** coa correspondente perda de dereitos de cobro con efectos administrativos o 1 de novembro.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)
A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade
Natalia Caparrini Marín

CSV : GEN-43ca-ed8f-ab42-5e5a-73bc-3c52-e8f1-6372

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 28/11/2025 09:37 | NOTAS : F

